

## RESOLUCIÓN DO 10 DE NOVEMBRO DE 2023 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE RECICLAXE DE PRIMEIROS AUXILIOS PARA MERGULLADORES/AS PROFESIONAIS NIVEL I NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA)- ILLA DE AROUSA

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira
- Decreto 152/1998 do 15 de maio, polo que se establecen as condicións para o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio de mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no Anexo VII aparecen os programas de formación dos cursos de primeiros auxilios e dos seus reciclaxes para mergulladores profesionais
- Decreto 210/2022, de 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer.

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE:

Convocar un curso de reciclaxe de primeiros auxilios para mergulladores/as profesionais nivel I no IGAFA na Illa de Arousa-Pontevedra, coas seguintes condicións:

**Primeira.-** O Instituto publicará este curso no taboleiro de anuncios ou por calquera outro medio que permita a súa difusión.

**Segunda.-** O instituto encargarse da información e recollida da documentación que se precisa para inscribirse no curso.

**Terceira.-** As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude segundo o modelo do anexo I acompañada da seguinte documentación:

- ✓ Fotocopia do NIF ou NIE
- ✓ Fotocopia do curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais nivel I

**Cuarta.-** O curso realizarase os días 23 e 24 de novembro de 2023 en horario de tarde.

**Quinta.-** A asistencia ás clases é obrigatoria. Nas actividades formativas levarase un control de asistencia.

CONSELLERÍA DO MAR  
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 546 176  
[cma.dxdesevolvemento@xunta.gal](mailto:cma.dxdesevolvemento@xunta.gal)



Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela  
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

CONSELLERÍA DO MAR  
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 546 176  
[cma.dxdesevolvemento@xunta.gal](mailto:cma.dxdesevolvemento@xunta.gal)

ANEXO I

**MATRÍCULA CURSO RECICLAXE 1º AUXILIOS PARA MERGULLADORES/AS PROFESIONAIS NIVEL I**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

APELIDOS	NOME	NIF ou NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ENDEREZO	CONCELLO E PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**EXPÓN:**

Que reúne todos os requisitos para realizar o curso de **reciclaxe de 1º auxilios para mergulladores/as profesionais nivel I** que terá lugar no Igafa, o que acredita achegando a seguinte documentación:

- FOTOCOPIA DO NIF ou NIE
- FOTOCOPIA DO CURSO DE 1º AUXILIOS PARA MERGULLADORES PROFESIONAIS NIVEL I

**SOLICITA:**

A matrícula no dito curso co fin de obter o certificado de aptitude correspondente

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposicións previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LUGAR E DATA

SINATURA

**Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) -Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo**  
Niño do Corvo, s/n 36626 A Illa de Arousa- Pontevedra

CONSELLERÍA DO MAR  
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 546 176  
[cma.dxdesevolvemento@xunta.gal](mailto:cma.dxdesevolvemento@xunta.gal)

